3. No mes de xuño de 2023, adxudicouse a Serviplustotal S.L. o campamento urbano para o verán 2023 e Nadal 2023/2024.

PRP2023/4100

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2023 de aprobación do orzamento para a realización de I Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral, a desenvolver o día 4 de maio de 2023, no Auditorio Municipal, por un importe estimativo total de 5.507,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610.

Unha vez realizadas as actividades incluídas na I Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral, e vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda o reintegro da cantidade sobrance, por importe de 1.556,73 € á partida 2314.22610.

Así mesmo detectouse un erro no citado acordo, figurando no mesmo:

A aprobación do orzamento presentado por Froiz Grandes Superficies S.A con NIF.:A36203040 e enderezo en Lugar de Lourido, nº 15 Poio (Pontevedra) e CP.: 36995 por importe de 20€ (IVE engadido) para a adquisición de 100 botellíns de auga (de 33cl para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e do espazo expositivo.

E debendo figurar:

A aprobación do orzamento presentado por Distribuciones Froiz - CIF: A36036739 por importe de 20€ (IVE engadido) para a adquisición de 100 botellíns de auga de 33cl para os/as relatores/as e informadores/as do espazo académico e do espazo expositivo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/4090

Con data de 22 de xuño de 2022 a Xunta de Galicia publicou no DOG a resolución de concesión

das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (Orde do 1 de decembro de 2021), resultando o Concello de Vilagarcía beneficiario da Línea 2 de ditas axudas cunha porcentaxe subvencionable dun 88% dos gastos totais subvencionables.

Línea subvencionable	Axuda total concedida	Porcentaxe cofinanciamento por parte da entidade local	Axuda 2022	Axuda 2023
LÍNEA 2- COMPOSTAXE IN SITU	73.588,00 €	12,00 %	0,00 €	73.588,00 €

No proxecto presentado para dita axuda contemplábase a adquisición de composteiros domésticos de pequeno e gran tamaño con accesorios (aireador e termómetro), composteiros comunitarios, biotrituradoras, carteis explicativos para as áreas de compostaxe comunitario e actuacións de formación e difusión.

O tipo de biotrituradoras previstas no proxecto son de uso doméstico, eléctricas e transportables no interior dun turismo. Para a adquisición das mesmas, en total 4 unidades, solicitouse orzamento a varias empresas, resultando a oferta máis económica, con unha adecuación ao sevizo similar entre todas, a presentada pola empresa BERCA BRAND S.L.

EMPRESA	IMPORTE (€)	IMPORTE 4 Uds. (€)	TRANSPORTE (€)	TOTAL (€)	TOTAL CON IVE (€)
ALQUIENVAS S.L	395	1580	41,30	1621,3	1961,77
BAYGAR S.L	339,25	1357		1357	1641,97
BERCA BRAND S.L	231	924	50	974	1178,54

Para a compra dos 9 paneis informativos contemplados no proxecto, estableceuse como requisito que estiveran realizados en plástico reciclado, material respectuoso co medio ambiente e de moi alta durabilidade. Solicitouse orzamento a varias empresas, resultando a oferta máis económica, con unha adecuación ao sevizo similar entre todas, a presentada pola empresa GALICIMPLAS JPV S.L.

EMPRESA	IMPORTE (€)	IMPORTE 9 Uds. (€)	TRANSPORTE (€)	TOTAL (€)	TOTAL CON IVE (€)
ALQUIENVAS S.L (impresión incluída)	395	3555	575	4130	4997,3
VERMICAN S.L (impresión incluída)	350	3150	120	3270	3956,7
GALICIMPLAS JPV S.L. (sen impresión incluída)	66,70	600,3	120	720,3	871,56

Para a impresión do cartaz informativo que ía integrado no panel, solicitouse orzamento á empresa VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD S.L, dada a colaboración co Concello dende hai anos en traballos deste tipo e a solvencia e calidade demostrada.

EMPRESA	IMPORTE (€)	IMPORTE 9 Uds. (€)	TRANSPORTE (€)	TOTAL (€)	TOTAL CON IVE (€)
VISUAL GRAPHICS S.L	83	747	38,85	785,85	950,88

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á empresa BERCA BRAND S.L. a adquisición de 4 biotrituradoras eléctricas de uso doméstico, por un orzamento total de 1178,54 euros (IVE incluído), con cargo á partida 1720.62300.

Adxudicar á empresa GALICIMPLAS JPV S.L. a adquisición de 9 paneis informativos de plástico reciclado, por un orzamento total de 871,56 euros (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22602.

Adxudicar á empresa VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD S.L a impresión de 9 cartaces en vinilo a dobre cara e soporte metálico por un importe total de 950,88 euros (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22602.

Dado que o importe total da subvención concedida destínouse íntegramente á adquisición dos

composteiros incluídos neste proxecto mediante proceso de licitación, e tendo en conta que o IVE non é subvencionable, o importe derivado da compra destas biotrituradoras, será 100% con cargo ao Concello.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4113

No DOG do día 21 de xuño de 2022 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dunha Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención e reutilización en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do Programa de economía circular e do Plan de impulso ao ambiente-PIMA residuos, e se procede à súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975N).

No artigo 3 define os conceptos subvencionábeis entre os que se inclúen elementos de información e campaña de comunicación (que é obrigatoria con un financiamento máximo de 5.000euros). O concello debe financiar 10% dos gastos subvencionábeis e o IVE non é subvencionábel.

No DOG de 17 de novembro de 2022 publicase RESOLUCIÓN de 11 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se da publicidade as axudas concedidas a entidades municipais ao amparo da Orden de 7 de xuño de 2022

Nesta resolución aprobouse a concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa da axuda solicitada na liña 1 (Espazos de autorreparación e intercambio) con un total de 19.999,80€ a xustificar en 2022 e en 2023, en concreto, antes do 30 de decembro de 2023.

Do orzamento total (sen IVE) de 22.221,01€ xa foron xustificadas en 2022 13.922,31€, restando por xustificar neste 2023 8.298,7€ dos que xa se gastaron 6.175,49€ na execución da obra de adaptación do espazo (paneis sandwich, canalóns e instalación eléctrica) efectuada pola empresa construcciones metálicas Cuevas SL.

Restan por gastar, 2.123,21€ que no proxecto están destinadas a 2 paneis informativos e a campaña de comunicación (dípticos informativos e cuñas de radio).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, con cargo á partida 1720.22602:

- Adxudicar o subministro dos 5.000 dípticos informativos a empresa Impronta Gráfica, S.L con NIF B36504991 por 381,15€ (IVE incluído).
- Adxudicar o subministro de 2 paneis informativos coas empresas Galicimplas JPV, S.L con NIF B70481700 (estrutura de 2,40 x 1,50 m), por importe de 140,08 € e Visual Graphics Imagen y Publicidad, S.L con NIF B36892016 (Impresión 1,5 x 15, m. dibond 3mm), por importe de 470,63 €, dando un importe total de 610,71€ (IVE incluído)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2023/4073

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SOBRINO G SA, para o subministro de un calefactor para o Museo do Ferrocarril, por un importe total de 41,59 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.213. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4074

Logo do remate da obra do PUMP TRACK, e debido ao tránsito de vehículos e maquinaria precisa para esa execución, as lindeiras desa instalacións precisaron dun acondicionamento que precisou da aportación de áridos que logo foron esparcidos e fixados polo persoal do concello.

O subministro deses áridos solicitouse á empresa TRITURADOS SAIAR, S.L., e asecenteu a un gasto de 2.393,64 €, IVE engadido.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto a favor de TRITURADOS SAIAR SL, polo importe total de 2.393,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4075

Vista a proposta da Concellería de Turismo en relación coa actividade de acompañamento dos 170 participants na ruta do programa "Goza do Ulla", a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto correspondente a guía e acompañamento dos 170 participantes na ruta, realizada o día 10 de setembro de 2023, e o recoñecemento de obriga da factura de OFTEFOR CB, por importe de 508,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22610.

PRP2023/4076

Vista a proposta da Concellería de Turismo en relación servizo de Xestión das Redes Sociais do Programa programa "Goza do Ulla", a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e o recoñecemento de obriga da facturafactura, a nº00F-823, de ZEROZERO IMAGEN Y COMUNICACIÓN, S.L. , con CIF B36987972, por importe de 121 €, IVE engadido, en concepto de xestión das redes sociais do programa GOZA DO ULLA, do que forma parte o Concello, con cargo á partida 432.22610.

PRP2023/4077

A Confraría dos Viño Rías Baixas celebrou na nosa cidade, os días 19 e 20 de agosto, o seu Grande Capítulo, coa realización dun evento turístico e cultural, ensalzando os Viños Rías Baixas e as Festas de San Roque, contando coa participación de varias confrarías vínico-gastronómicas chegadas de distintos puntos xeográficos.

Con tal motivo, a Xunta de Goberno Local celebrada o 26/07/2023 acordou aprobar, entre outros, o orzamento da empresa Pazo de Rubianes, S.L., para que 50 persoas visitaran ese lugar, por un importe de 850 € IVE engadido

Por circunstancias metereolóxicas, e de acordo con tódalas partes afectadas, decidiuse o día anterior á visita, cambiar esa actividade por unha ruta guiada por a Illa de Cortegada, a cargo de Oftefor, C.B., por un importe de 749.99 €.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2023, deixando sen efecto a aprobación do orzamento da Empresa Pazo de Rubiáns SL e aprobar o orzamento de Oftefor CB -NIF: E36418283, por importe de 749,99 €, con cargo á partida 432.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4078

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do convenio asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que a Axencia de Turismo de Galicia aportaría a cantidade de 25.000 € e ABANCA 5.000 € para os gastos das Festas de San Roque 2023, facendo constar o seguinte:

1º Cumpriuse a finalidade da subvención xa que as festas de San Roque celebráronse tal e como estaban previstas.

O concerto incluído no convenio foi gratuíto para o público.

A actuación de D. PATRICIO foi o 11/08/2023.

2º Os distintos conceptos e contías das Festas de San Roque 2023 incluídos no convenio son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECMTO	DATA DE PAGO	IMPORTE €	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
14/08/2023	2	/2023	23/08/2023	30250,00	B27509579	LA LIEBRE DINAMIZACIÓN CULTURAL, S.L.U.	Actuación de .D. PATRICIO

Dos 30.250,00 € aos que ascenden estas actuacións, 25.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia e 5.000 € por ABANCA. Os restantes 250,00 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2023 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/4101

Vista a solicitude feita pola monitora do obradoiro ACTIVATE para realizar un magosto na Praza da Peixeiría e a proposta da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local, aproba a realización de dito magosto para o próximo día 28 de novembro en horario de 17.00 a 20.00 horas, sendo preciso dar conta aos seguintes Departamentos/Servizos Municipais, para o seu desenvolvemento:

- Departamento de Cultura para reserva da instalación municipal.
- Departamento de Obras para que transporten un asador e para que se encarguen da colocación de 6 mesas e 60 cadeiras.
- Servizo de Emerxencias para a prevención dun posible incendio ou acumulación de xente.

PRP2023/4102

Visto o informe dos Servizos Sociais e a proposta da Área das Persoas Maiores, acórdase concederlle a expedición/renovación da tarxeta de bono-bus municipal de pensionistas para o ano 2023 á seguinte persoa solicitante, por cumprir os requisitos establecidos na convocatoria.

- DONA MARIA DEL CARMEN CARDALDA GALANS - DNI35412737M.

CULTURA

PRP2023/4082

A Xunta do Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 marzo de 2023, adoptou, entre outro o seguinte acordo:

“CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DA LIÑA DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCIERAS, ACREEDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTO 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTO CORRENTE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, SOCIAIS E DEPORTIVAS” (Expte. 2023005920).

Unha das actuacións proposta dende o Concello de Vilagarcía que se pretendía levar a cabo ao longo do 2023 era “ESPECTÁCULO COMBATE NAVAL VILAGARCÍA 2023” a cal se se concede a subvención solicitada por importe de 34.000,00€.

O evento anteriormente mencionado “ESPECTÁCULO COMBATE NAVAL VILAGARCÍA 2023” non se levo a cabo, na data prevista inicialmente, 19 de agosto de 2023” dado a climatoloxía durante a xornada de montaxe como no propio día do evento.

Nun principio foi suspendido do día 19 de agosto ao 2 de setembro de 2023, sendo finalmente cancelado polas mesmas circunstancias, dado as previsións meteorolóxicas adversas nesta segunda data prevista.

Pola Concellería de Cultura foi presentada á Deputación Provincial a petición de modificación de destino da subvención concedida, por importe de 34.000,00 € para a actividade "Combate Naval Vilagarcía 2023" para a realización de actividades durante o Nadal (actividades de dinamización como son: ENCENDIDO DE NADAL, FEXTURRÓN e outras.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a solicitude de destino da subvención concedida pola Deputación Provincial.

PRP2023/4081

Vista a solicitude de D. Manuel Rodríguez Fontán, en representación de English 4 People SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario I do Auditorio Municipal, o día 18 de novembro de 2023, en horario de 11:00 a 12:00 horas para a realización dunha representación teatral dirixida ao público infantil, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 1: 1 hora: 10,20 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/4079

Vista a solicitude de Dona Maria Carmen Somoza Núñez, en representación de AA.MM.RR. Os Borrizos de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración no Centro Cultural de Cornazo dun Magosto, o vindeiro día 25 de novembro de 2023:

- Actuación do Grupo de Gaitas Lumarada (Asociación Cultural Lumarada de Cornazo) por un importe de 350,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/4080

Vista a solicitude de Club San Martín de Vilaxoán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño en Vilaxoán o vindeiro día 11 de novembro de 2023:

- Actuación do Grupo de Gaitas (Asociación Cultural Os Terribles de Arousa) por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2023/4033

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural, a Xunta de Goberno Local acorda nomear ao Enxeñeiro Técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, D. Oscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 22/0203-e "Ensanche e mellora da Rúa Xiabre".

PRP2023/4035

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de "Renovación do ascensor do Paso A Escardia" á mercantil Schindler S.A. (A50001726) por importe de 39.981,73€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.396,16€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 48.377,89€, con cargo á partida orzamentaria 459-63200.

PRP2023/4047

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 20 de marzo de 2023, aprobou o proxecto

denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais”, redactado polo polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 47.574,30€.

Vista a necesidade, exposta por parte da veciñanza ao Concello de Vilagarcía de Arousa, de mellorar a seguridade das persoas que transitan as rúas municipais, debido á gran velocidade que acadan nalgunhas delas os vehículos e ao perigo que estas actuacións conlevan.

Coa finalidade de mellorar a seguridade peonil da cidade e dar resposta ás demandas veciñais anteriormente expostas, foi redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais”, que describe as obras necesarias para levar a cabo a implantación de redutores de velocidade e pasos de peóns elevados en diversas rúas municipais, coa súa correspondente sinalización.

Concretamente, as obras de implantación de redutores inclúen:

- Construción de redutor de velocidade “lomo de asno” e pasos de peón sobreelevados.
- Instalación de sumidoiro e conexión á rede de pluviais nos casos onde exista posibilidade de acumulación de auga.
- Instalación de Sinalización vertical de Perigo Badén (P-15a)
- Instalación de Sinalización vertical advertencia perigo paso de peóns (P-20)
- Instalación de Sinalización Situación paso de peóns (S-13)
- Instalación de Sinalización vertical de limitación de velocidade (R-301)

As labores descritas levaranse a cabo no seguintes viais: rúa Marxión, rúa dos Anxos en Carril, rúa Fontecarmoa, rúa Veiga de Mar en Vilaxoán, rúa Aralde e rúa Mestres Trigos e Pazos, rúa Pedramogueira e Galáns, rúa do Xogo en Sobrán, rúa Soutelo e Igrexario en Rubiáns, rúa Figueiras en Trabanca Badiña e rúa Xesteira en Sobradelo.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 47.574,30€ (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

Vista a necesidade xustificada, remitíronse invitacións solicitando orzamento ás seguintes empresas, expertas no ámbito de actuación: NAROM, S.L., MICROASFALT, S.L. Y MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS e CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.; as cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta excluído (IVE)	Oferta (IVE engadido)
NAROM, S.L.	39.317,60€	47.574,30€
MICROASFALT, S.L.	39.235,04€	47.474,40€
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	39.274,35€	47.521,96€

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais”, á mercantil MICROASFALT, S.L. (B15894587), por importe de 39.235,04€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.239,36€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 47.474,40 €, con cargo á partida orzamentaria 1530-61900.

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado CT 24/2023-e “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais”.

PRP2023/4050

Dáse conta do expediente de contratación CT 22/2023-e tramitado mediante Procedemento

Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Ensanche e Mellora da Rúa Xiabre, cofinanciadas pola Consellería de Medio Rural, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, cun orzamento de licitación de 74.396,29 € (sen IVE) e de 90.019,51 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B36528883 EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: redución do prazo de execución nun mes	MELLORA da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	72.856,29€	NO	Sí
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	72.461,98€	Sí	Sí
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	71.041,02€	Sí	Sí
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA SL	70.892,22€	Sí	Sí

De acordo con os cálculos realizados polo órgano de asistencia, resulta que dúas das ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados, de conformidade co establecido na cláusula 12.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación. Así, a oferta da mercantil GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L. é un 1,07% inferior á media aritmética das ofertas presentadas e a da empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA SL. é un 1,28% inferior á media das ofertas presentadas.

De conformidade co informe técnico do Arquitecto Municipal, e en base ao contido do mesmo, a mesa de contratación propón ao órgano de contratación a desestimación da xustificación presentada pola Empresa GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SL e a estimación da xustificación presentada pola empresa VIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. e a súa consecuente admisión na clasificación das ofertas.

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: redución do prazo de execución do contrato en un mes	Puntuación mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución	TOTAL PUNTOS
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	70.892,22€	20,00	60,00	20,00	100,00 (Proposto para adxudicación)
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	71.041,02€	19,15	60,00	20,00	99,15 (Proposto para exclusión)
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	72.461,98€	11,04	60,00	20,00	91,04
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	72.856,29€	8,79	0	20,00	28,79

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U. Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.15

Total puntuación: 99.15

Orde: 3NIF: B36528883 EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.04

Total puntuación: 91.04

Orde: 4NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 28.79

Total puntuación: 28.79

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A admisión de la oferta da mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., ao entender xustificada a súa oferta anormalmente baixa e a exclusión da licitación da empresa GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SL, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta.

2.- A adxudicación do contrato de obra denominado “Alargue e mellora da rúa Xiabre”, cofinanciada pola Consellería do Medio Rural, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), con cargo ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, cun orzamento de licitación de 74.396,29€ (sen IVE), 90.019,51 € (con IVE), á empresa con CIF B36533537 MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 454-61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 70.892,22 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 14.887,37€, o que totaliza un importe de 85.779,59€ (IVE incluído)

- Melloras:

- Redución do prazo de execución do contrato nun 1 mes
- Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos.

PRP2023/4060

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro duha cadeira TRIM TEX, con brazos axustables en altura e ancho. Respaldo con marco en poliamida e fibra de vidro, acabado negro, con tela foamizada grupo T color negro etc. por un importe total de 429,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4061

O enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, redactou o documento técnico denominado “Plan de reparacións do firme de viais municipais deteriorados polas raíces das árbores”, cun importe de licitación de 46.551,06 € (IVE engadido).

O obxectivo das obras descritas na memoria de referencia é arranxar os tramos da rede viaria do concello de Vilagarcía de Arousa que se atopan deteriorados provocadas polas raíces dos árbores, co consecuente perigo que supón para as persoas que circulan polas mesmas.

Estes traballos se realizarán en diversas parroquias, e abarcan a reparación de firme nos seguintes viais: rúa Berdón en la Torre, rúa de Aralde, rúa Galáns, rúa Piñeiro de Arriba, rúa Soutelo e rúa Muiños Novos.

En resume, propónse a execución das seguintes actuacións:

- Demolición del pavimento asfáltico.
- Escavación de terra en caixa de ensanche da plataforma de 0,5 m de profundidade media, con corte e retirada das raíces das árbores colindantes.
- Estendido e compactado con subbase de saburra artificial.
- Nova capa de rodadura con pavimento de M.B.C. AC16 (D-12) de 6 cm de espesor.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 46.551,06 € (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
MICROASFALT, S.L.	38.391,16 €	46.453,30 €
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.	38.471,95€	46.551,06€
SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS DE AROUSA, S.L.U.	38.429,63 €	46.499,85 €

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Plan de reparación do firme de viais municipais deteriorados polas raíces das árbores”, á mercantil MICROASFALT, S.L. (B15894587), por importe de 38.391,16 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.062,14 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 46.453,30 €, con cargo á partida orzamentaria 454-61900.

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado CT 77/2023-e “Plan de reparación do firme de viais municipais deteriorados polas raíces das árbores”.

PRP2023/4063

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 17 de abril de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado “Reparación das redes de saneamento na avenida das Carolinas”, redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 48.168,97€.

As actuacións proxectadas son as necesarias para levar a cabo a substitución dun tramo das redes de saneamento na avenida das Carolinas ante o deterioro que presentan os colectores de saneamento e pluviais nun tramo do referido vial, os cales están destrozados e provocan astascos e filtracións de augas residuais ao río do Con.

De conformidade co indicado polo redactor do documento técnico, estas obras se consideran de urxente actuación.

Concretamente, os traballos que se pretenden acometer consisten na substitución dos colectores principais das redes de saneamento e pluviais coas seguintes características técnicas:

- Demolición de pavimento de aglomerado, bordillos e baldosa hidráulica existente.
- Escavación de gabiá por medios manuais e demolición de canalizacións existentes.
- Subministro e colocación de tuberías de saneamento e Pluviais con tubo de PVC Ø315 m SN-4, con unión por xunta elástica, coa pendente existente.
- Execución de pozos prefabricados de formigón de Ø 1 m, con tapa e marco de Fundición Dúctil D-400.
- Execución de imbornais para a recollida de augas pluviais en rede de pluviais.
- Reposición de bordillo e beirarrúa con loseta hidráulica.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 48.168,97€ (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta excluído)	(IVE Oferta (IVE engadido)
MONCOSA OHS S.A.	39.520,00€	47.819,20€
SISGRO PIÑEIRO S.L.	39.800,00€	48.158,00€
Nemesio Ordóñez, S.A.	39.750,00€	48.097,50€

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Reparación das redes de saneamento na avenida das Carolinas”, á mercantil MONCOSA OHS S.A. (A15050958), por importe de 39.520,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.299,20€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 47.819,20€, con cargo á partida orzamentaria 160-61900.

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado CT 30/2023-e “Reparación das redes de saneamento na avenida das Carolinas”.

PRP2023/4070

O enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, redactou o proxecto técnico denominado “Mellora da pavimentación na praza Doctor Carús e na praza do Centro Social da 3ª Idade no Ramal”, cun importe de licitación de 48.031,58€ (IVE engadido).

As actuacións proxectadas teñen como principal obxectivo lograr a mellora da capa de rodadura na praza Doctor Carús e na praza do Centro Social da Terceira Idade no Ramal.

Na praza do Doctor Carús o pavimento actual é de aglomerado e apréciase un importante deterioro do mesmo, con fochas e desniveis que supoñen un perigo para a seguridade das veciños e veciñas nunha zona que se utiliza para o mercado ambulante que se celebra na vila os martes e sábados.

No caso da praza sita detrás do Centro Social da 3ª Idade, o pavimento nestes momentos é de terra e tamén presenta varios socavones e charcos, provocados polas escorrentías de auga, que impiden o correcto tránsito peonil.

O obxectivo principal é conseguir coas actuacións anteriormente descritas e detalladas no documento técnico de referencia, a necesaria mellora da accesibilidade e seguridade dos

viandantes e da circulación de vehículos na praza Doctor Carús e permitir o aparcamento disuasorio na praza sita xunto ao Centro Social da 3ª Idade.

Concretamente, propónse a execución dos seguintes traballos:

- Na Praza Doctor Carús: nova capa de rodadura, previo barrido do firme actual por medios mecánicos, realizada por M.B.C. AC16 SURF 50/70 D de 6 cm. de espesor, recalce e posta en rasante das tapas de rexistro existentes e repintado da sinalización horizontal existente, con pintura reflexiva de micro esferas para vías, sinalizando vados, cebreados, pasos de cebra, etc

- Na Praza do Centro Social da 3ª idade:

- Caxeado do terreo e posterior estendido de base de saburra artificial.
- Drenaxe de pluviais con canalización de PVC Ø250 mm, sumidoiros de F.D. e arquetas prefabricadas de formigón de 60x60x60 cm.
- Pavimento de Aglomerado con M.B.C. AC16 SURF 50/70D de 6 cm. de espesor, incluso risco de adherencia ECR-1 dotación 1 kg/m².

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 48.031,58 € (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta excluído (IVE)	Oferta (IVE engadido)
NAROM S.L.	39.695,52€	48.031,58€
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.	39.695,52€	48.031,58€
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS S.L.	39.612,16€	47.930,71€

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Mellora da pavimentación na praza Doctor Carús e na praza do Centro Social da 3ª Idade”, á mercantil GALSUR PROYECTOS Y OBRAS S.L. (B94101946), por importe de 39.612,16€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.318,55€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 47.930,71€, con cargo á partida orzamentaria 1530-61900.

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado CT 76/2023-e “Mellora da pavimentación na praza Doctor Carús e na praza do Centro Social da 3ª Idade”.

PRP2023/4071

O enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, redactou o documento técnico denominado “Mellora da capa de rodadura na rúa Concepción Arenal”, cun importe de licitación de 21.521,19 € (IVE engadido).

Ante a situación de deterioro que presenta a capa de rodadura da rúa Concepción Arenal, no concello de Vilagarcía de Arousa, visto que o pavimento da mesma atópase no final da súa vida útil, presentando fochas, desconchados e outros desperfectos que dificultan a correcta circulación polo vial; faise necesario proxectar as obras necesarias para a súa mellora e reparación, tal e como recolle o documento técnico de referencia.

Concretamente, propónse a execución das seguintes actuacións:

- Fresado da capa de rodadura actual, nas zonas que é necesaria manter a rasante do vial, con retirada e entrega a xestor de residuos autorizado do pavimento para a súa valorización.
- Barrido do firme por medios mecánicos para a súa preparación da nova capa de rodadura.

- Nova capa de rodadura realizada con M.B.C. AC16 SURF 50/70 D (D-12) de 6 cm. de espesor, incluso rego de adherencia ECR-1 dotación 1 kg/m2.
- Posta en rasante das tapas de rexistro existentes.
- Repintado da sinalización horizontal existente, sinalizando os vados, cebreados, pasos de cebra, liñas de aparcamento, etc.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 21.521,19 € (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
NAROM S.L.	17.786,11 €	21.521,19 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	17.704,29 €	21.422,19 €
